

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

**6298** *Real decreto 302/2019, do 26 de abril, polo que se regula a compatibilidade da pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, en desenvolvemento da disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.*

A disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía, insta o Goberno a aprobar, no prazo de 6 meses, unha norma regulamentaria que regule os termos e condicións da compatibilidade da percepción da pensión de xubilación coa actividade daqueles profesionais dedicados á creación artística que perciban por esa actividade dereitos de propiedade intelectual.

A necesidade de regulación da compatibilidade regulada na citada disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, e que agora se desenvolve, púxose de manifesto nas conclusións e recomendacións contidas no informe da Subcomisión para a elaboración do Estatuto do artista, aprobado por unanimidade no Pleno do Congreso dos Deputados o pasado 6 de setembro de 2018. No dito informe faise constar a importancia da actividade artística e creativa, sen que unha sociedade moderna poida prescindir do capital intelectual que achegan creadores e artistas, particularmente na súa etapa de madurez, cando a experiencia acumulada pode favorecer a produción de obras ou actuacións máis completas; debe destacarse que a actividade creativa constitúe unha achega persoal, única e irrepetible, ao imaxinario cultural, da cal se beneficia o conxunto da sociedade.

Así, co fin de evitar que o creador deba elixir entre percibir a súa pensión de xubilación do Sistema da Seguridade Social ou continuar coa súa actividade de creación artística, régulase, con fundamento no número 1 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, a compatibilidade entre a percepción da pensión contributiva de xubilación do Sistema da Seguridade Social e os ingresos obtidos pola realización de calquera actividade de creación artística que xere dereitos de propiedade intelectual. Esta modalidade de xubilación, ao determinar a alta do pensionista no réxime da Seguridade Social que corresponda, comportará unha cotización de solidariedade do 8 por cento, ademais da cotización que en supostos de compatibilidade de pensión de xubilación e traballo recollen os artigos 153 e 309 do citado texto refundido da Lei xeral da seguridade social, que inclúe, unicamente, os conceptos de incapacidade temporal e continxencias profesionais.

A teor do exposto, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, cumpre a previsión establecida na citada disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, que insta o Goberno ao desenvolvemento regulamentario da compatibilidade no prazo de 6 meses, e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, consegue o seu obxectivo mediante a aprobación da norma prevista no noso ordenamento para proceder ao desenvolvemento regulamentario dunha norma con rango legal, que é un real decreto do Goberno.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia posto que, malia que o Consello de Ministros acordou a súa tramitación urxente, con carácter previo á elaboración do proxecto e conforme o previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, substanciouse o trámite de consulta pública

co fin de solicitar a opinión dos cidadáns e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, aos cales se lles facilitou información ao respecto a través do portal web do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Así mesmo, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da citada Lei 50/1997, do 27 de novembro, o proxecto do presente real decreto someteuse ao trámite de audiencia e información pública a través de consulta directa e da súa publicación no portal web do Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social.

Este real decreto dítase de conformidade co artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, e en virtude das facultades atribuídas ao Goberno mediante a disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía, e ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de réxime económico da Seguridade Social, atribuída polo artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto regular a compatibilidade entre a pensión contributiva de xubilación e a actividade de creación artística, de acordo co establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 26/2018, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas de urxencia sobre a creación artística e a cinematografía.

##### Artigo 2. *Ámbito persoal de aplicación.*

Poderán acollerse á compatibilidade regulada neste real decreto, sen prexuízo do disposto no artigo 213.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, os beneficiarios dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social que, con posterioridade á data de recoñecemento da dita pensión, desempeñen unha actividade de creación artística pola que perciban ingresos derivados de dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros, con independencia de que, pola mesma actividade, perciban outras remuneracións conexas.

Non poderá acollerse a esta modalidade de compatibilidade o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social que, ademais de desenvolver a actividade a que se refire o parágrafo anterior, realice calquera outro traballo por conta allea ou por conta propia que dea lugar á súa inclusión no campo de aplicación do réxime xeral ou dalgún dos réximes especiais da Seguridade Social.

##### Artigo 3. *Réxime de compatibilidade.*

1. A actividade de creación artística será compatible co 100 por cento do importe que corresponda percibir ou, se for o caso, viñese percibindo o beneficiario pola pensión contributiva de xubilación.

Do mesmo modo se poderá compatibilizar a actividade de creación artística co 100 por cento do importe do complemento por maternidade, así como coa cantidade adicional a que se refire o parágrafo terceiro do artigo 210.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que corresponda percibir ou viñese percibindo o beneficiario.

2. O beneficiario terá dereito aos complementos para pensións inferiores á mínima durante o tempo en que compatibilice a pensión coa actividade de creación artística, sempre que reúna os requisitos establecidos para isto.

3. O beneficiario terá a consideración de pensionista para todos os efectos.

#### Artigo 4. *Dereito de opción.*

Como alternativa ao réxime de compatibilidade previsto no artigo 3, o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social que reúna os requisitos previstos neste real decreto poderá optar pola aplicación do réxime xurídico previsto para calquera outra modalidade de compatibilidade entre pensión e traballo, establecidas legal ou regulamentariamente.

De igual forma, o pensionista de xubilación que cumpra os requisitos previstos neste real decreto tamén poderá optar pola suspensión da percepción da súa pensión. En tal caso, a cotización á Seguridade Social realizarase conforme as normas que rexan no réxime de Seguridade Social que corresponda en función da súa actividade.

#### Artigo 5. *Exercicio do dereito á compatibilidade.*

1. Se o beneficiario dunha pensión contributiva de xubilación, unha vez causada esta, inicia unha actividade de creación artística, conforme o previsto no artigo 2, procederá a súa alta no réxime da Seguridade Social que corresponda nos termos previstos no Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, para o cal deberá achegar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo corresponda, o modelo de certificado ou de declaración responsable que constan, respectivamente, como anexos I e II deste real decreto. A alta deberá manterse durante todo o período de duración da referida actividade.

2. Naqueles casos en que o interesado xa se encontre en alta en calquera dos réximes da Seguridade Social pola realización dunha actividade de creación artística, conforme o previsto no artigo 2, na data da solicitude da pensión contributiva de xubilación, e decida continuar con ela acolléndose á compatibilidade regulada neste real decreto, comunicará tal circunstancia á entidade xestora da Seguridade Social. Con esa comunicación deberá xuntar o modelo de certificado ou de declaración responsable referidos no número anterior para efectos do mantemento da súa alta pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 6. *Cotización.*

A cotización durante a realización dalgunha actividade de creación artística, conforme o previsto no artigo 2, xa sexa ao réxime xeral da Seguridade Social ou ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, efectuarase unicamente por incapacidade temporal e por continxencias profesionais.

Así mesmo, a compatibilidade da pensión de xubilación con algunha das actividades a que se refire o artigo 2 estará suxeita a unha cotización especial de solidariedade do 8 por cento sobre a base de cotización por continxencias comúns, non computable para efectos de prestacións. No caso de que esa actividade se desenvolva por conta allea, o 6 por cento será por conta do empresario e o 2 por cento por conta do traballador.

#### Artigo 7. *Cómputo de períodos de carencia.*

Para efectos do cómputo do período de carencia requirido para o acceso ás prestacións que podería causar o beneficiario desta compatibilidade, só se terán en conta as cotizacións realizadas con posterioridade ao feito causante da pensión contributiva de xubilación.

#### Artigo 8. *Incompatibilidade pensión de xubilación e incapacidade temporal.*

A prestación de incapacidade temporal causada con posterioridade ao feito causante da xubilación compatible coa realización dalgunha actividade de creación artística, conforme o previsto no artigo 2, será incompatible co cobramento da pensión contributiva de xubilación a partir do momento en que se cese na actividade e se cause baixa no

régime correspondente da Seguridade Social. Nestes supostos só se aboará a pensión contributiva de xubilación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións de carácter xeral que resulten necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social,  
MAGDALENA VALERIO CORDERO

## ANEXO I

### **Certificación de percepción de ingresos derivados da titularidade de dereitos de propiedade intelectual para a compatibilidade coa pensión contributiva de xubilación**

D./D.<sup>a</sup>....., actuando en nome propio ou en representación da mercantil....., CERTIFICA, que en virtude de contrato de cesión de dereitos de propiedade intelectual de data....., suscrito ao abeiro do disposto no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, aboa, na súa condición de cesionario, a....., na súa condición de cedente, unha porcentaxe pola explotación deses dereitos de propiedade intelectual.

E para que conste, asina a presente declaración en....., o..... de..... de 20.....

Asdo.: o cedente ou o seu representante

Asdo.: o cesionario

## ANEXO II

### **Declaración responsable de percepción de ingresos derivados da titularidade de dereitos de propiedade intelectual para a compatibilidade coa pensión contributiva de xubilación**

D./D.<sup>a</sup>....., con NIF....., declaro responsablemente que recibo.....en concepto de ingresos derivados da titularidade e explotación dos dereitos de propiedade intelectual de que son titular.

E para que conste, asino a presente declaración, en ..... , o..... de..... de 20.....

Asdo.: o titular